

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

7624 *Lei 16/2015, do 7 de xullo, pola que se regula o estatuto do membro nacional de España en Eurojust, os conflitos de xurisdición, as redes xudiciais de cooperación internacional e o persoal dependente do Ministerio de Xustiza no exterior.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

A Lei 16/2006, do 26 de maio, pola que se regula o estatuto do membro nacional de Eurojust e as relacións con este órgano da Unión Europea, incorporou ao ordenamento xurídico español as necesarias adaptacións para permitir a aplicación efectiva da Decisión 2002/187/XAI do Consello, do 28 de febreiro de 2002, pola que se crea Eurojust para reforzar a loita contra as formas graves de delincuencia. Pola súa vez, a citada lei introducía outras medidas complementarias, singularmente as previstas na Decisión 2005/671/XAI do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativa ao intercambio de información e á cooperación sobre delitos de terrorismo.

No ámbito da cooperación xudicial en materia penal, o artigo 85 do Tratado de funcionamento da Unión Europea outorga a Eurojust a función de apoiar e reforzar a coordinación e a cooperación entre as autoridades nacionais encargadas de investigar e perseguir a delincuencia grave que afecte dous ou máis Estados membros e que deba perseguirse segundo criterios comúns. Corresponde ao Parlamento Europeo e ao Consello adoptar os regulamentos que regulen a estrutura, funcionamento, ámbito de actuación e as competencias de Eurojust, polo que esta lei se limita a establecer as normas necesarias para implantar a Decisión 2009/426/XAI, do 16 de decembro de 2008, pola que se reforza Eurojust e se modifica a Decisión 2002/187/XAI pola que se crea Eurojust para reforzar a loita contra as formas graves de delincuencia e incorporar o seu contido ao ordenamento xurídico español.

A lei incorpora, ademais, ao ordenamento xurídico español as previsións contidas na Decisión marco 2009/948/XAI do Consello, do 30 de novembro, sobre a prevención e resolución de conflitos de exercicio de xurisdición nos procesos penais. Dada a obrigação que a presente lei impón ás autoridades nacionais de informar o membro nacional de España en Eurojust dos posibles casos en que poida existir un conflito de xurisdición, considérase que esta lei, dada a súa relación coa materia, é a norma adecuada para incorporar o contido da mencionada decisión marco ao ordenamento xurídico. Nese senso, régulase un sistema de consultas e decisión entre as autoridades competentes dos países afectados polo eventual conflito de xurisdición.

Tendo en conta que as modificacións contidas na Decisión 2009/426/XAI do Consello, do 16 de decembro de 2008, pola que se reforza Eurojust e se modifica a Decisión 2002/187/XAI pola que se crea Eurojust para reforzar a loita contra as formas graves de delincuencia, afectan aspectos tan nucleares como o estatuto do membro nacional, a composición da delegación española de Eurojust, as competencias do membro nacional ou a relación entre a delegación española en Eurojust e as autoridades nacionais competentes a través do establecemento dun innovador sistema de coordinación nacional, considérase necesario promulgar unha nova lei que recolla os cambios mencionados e se adecue ao

novo panorama da cooperación xudicial internacional, superando así a regulación contida na Lei 16/2006, do 26 de maio, que regula o estatuto do membro nacional de Eurojust e as relacións con este órgano da Unión Europea.

Como principais novidades desta lei cabe destacar, en primeiro lugar e polo que respecta á delegación española en Eurojust, que deberá estar composta, como mínimo, por un membro nacional, un membro nacional suplente e un asistente, fronte ao que establecía a anterior Decisión 2002/187/XAI do Consello, do 28 de febreiro, pola que se crea Eurojust para reforzar a loita contra as formas graves de delincuencia, que unicamente impuña como obrigatoria a presenza dun membro nacional. Nese senso regúlase a nova figura do membro nacional suplente, con sede na Haia e con plenas facultades de suplencia do membro nacional, e configúrase como obrigatorio o nomeamento dun asistente que poderá ter o seu lugar de traballo en Eurojust ou en Madrid. Respecto do estatuto do membro nacional, recóllense como novidades a duración do seu nomeamento, que pasa a ser de catro anos, así como a obrigaçión de informar a Secretaría Xeral do Consello dos motivos do cesamento.

En segundo lugar, o sistema de coordinación nacional configúrase como unha das maiores novidades da Decisión 2009/426/XAI do Consello, do 16 de decembro de 2008, pola que se reforza Eurojust e se modifica a Decisión 2002/187/XAI pola que se crea Eurojust para reforzar a loita contra as formas graves de delincuencia. Unha adecuada transposición da normativa europea exige o deseño e a regulación dun sistema de coordinación nacional que garanta que toda a información que deba intercambiarse entre a delegación española en Eurojust e as autoridades nacionais competentes se leve a cabo de maneira áxil, eficaz e segura. Por isto se regula a composición do sistema de coordinación nacional, o seu réxime de funcionamento, así como as funcións dos correspondentes nacionais de Eurojust e do coordinador nacional como responsable último do sistema. En cumprimento da normativa europea, o sistema de coordinación nacional de Eurojust preséntase como o mecanismo necesario para facilitar as vías de comunicación coa delegación española en Eurojust, respectando sempre a posibilidade de comunicación directa entre as autoridades españolas competentes e o membro nacional de España en Eurojust. Isto obriga a modificar o modelo anterior, para adaptalo á regulación da Decisión e ao panorama actual da cooperación xudicial internacional, a fin de mellorar a coordinación dos diferentes actores que participan nela e axudar a determinar os casos que corresponde tratar coa asistencia de Eurojust ou da Rede Xudicial Europea, axudar ao membro nacional a identificar as autoridades competentes para a execución das solicitudes de cooperación xudicial e a manter estreitas relacións coa unidade nacional da Europol, todo isto a fin de garantir de maneira eficaz que o sistema de xestión de casos recibe información fiable das autoridades competentes.

A lei consagra a obrigaçión de prestar a colaboración que requira Eurojust como colexio a través de calquera dos membros que integran a delegación española en Eurojust. Nesa liña habilita o membro nacional, o membro nacional suplente e o asistente para comunicarse directamente coa autoridade nacional competente segundo os casos, ou co coordinador nacional.

Nesa liña, a lei regula os prazos en que deba darse cumprimento ás obrigaçións, establecendo un prazo de dez días para que as autoridades nacionais contesten as solicitudes de actuacións procedentes do membro nacional de España en Eurojust, así como un prazo máximo dun mes para remitir a información a Eurojust desde que se teña coñecemento da concorrencia dos requisitos que, conforme a presente lei, xeren a obrigaçión de informar.

Dado que na práctica actual se xeraron algunhas duplicidades e, sobre todo, non se avanzou significativamente na aproximación das solicitudes de asistencia activa respecto do elevado número en que España aparece nas estatísticas de Eurojust como Estado requirido, a lei regula, en estrita concordancia coas previsións da norma europea, a vía de transmisión de información a Eurojust, os supostos en que a dita transmisión é obrigatoria, as excepcións da dita obrigaçión e o prazo en que deba levarse a cabo, así como aspectos instrumentais relativos ao acceso ao sistema de xestión de casos polos distintos

integrantes do sistema de coordinación nacional. Preténdese, en definitiva, mellorar a transmisión de información a Eurojust para aumentar a súa eficacia operativa, fixando obrigacións claras e definidas para as autoridades nacionais.

Por último, outra das novidades significativas é a relativa ás competencias do membro nacional. Unha das finalidades da Decisión 2009/426/XAI do Consello, do 16 de decembro de 2008, pola que se reforza Eurojust e se modifica a Decisión 2002/187/XAI pola que se crea Eurojust para reforzar a loita contra as formas graves de delincuencia, é precisamente afondar na operatividade de Eurojust e aproximar, na medida do posible, o status dos distintos membros nacionais, para garantir un mínimo común denominador no que aos seus poderes e competencias se refire. Nesa liña e recollendo o mandato da norma comunitaria, a lei define con precisión as competencias do membro nacional, distinguindo entre aquelas que pode exercer directamente e aquelas outras que na práctica e por teren natureza xurisdiccional serán exercidas polas autoridades nacionais competentes, por proposta do membro nacional. Esta distinción no nivel de competencias está prevista na propia decisión para os casos en que outorgar plenas competencias poida ser contrario á orde constitucional ou ao sistema de xustiza penal nacional.

Por imperativo da Decisión 2008/976/XAI do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre a Rede Xudicial Europea, faise preciso adaptar ás súas previsións a regulación das redes xudiciais contida na disposición adicional segunda da Lei 16/2006, para reforzar a cooperación xudicial entre os Estados membros e permitir que os puntos de contacto da Rede Xudicial Europea e Eurojust se comuniquen directamente e con máis eficacia. A lei concreta os requisitos para poder ser designado punto de contacto das redes de cooperación xudicial internacional, así como as súas funcións, entre as cales destaca a obrigación de realizar estatísticas anuais da súa actividade como puntos de contacto e de remitilas á institución de que dependan, o que permitirá ter unha visión clara e documentada do funcionamento das redes en España. A lei regula tamén expresamente a figura do coordinador nacional da Rede Xudicial Europea e a do coordinador nacional da Rede de Equipos Conxuntos de Investigación como interlocutores coa secretaría das respectivas redes e, como tales, responsables de recompilar e remitir ás ditas secretarías as estatísticas nacionais. Regúlase, ademais, a figura do correspondente de ferramentas para a Rede Xudicial Europea, que deberá facilitar e manter actualizada a información que deba ser difundida no seo da Rede Xudicial Europea.

Por outro lado, a lei incorpora tamén un capítulo específico dedicado á regulación do persoal dependente do Ministerio de Xustiza no exterior, regulación até agora dispersa ou inexistente. O incremento de prazas de persoal no exterior dependente do Ministerio de Xustiza, así como a diversidade dos seus perfís, aconsellan regular de maneira expresa a creación de prazas de maxistrados de enlace, conselleiros de cooperación xurídica ou conselleiros de xustiza. A lei contén unha habilitación expresa ao desenvolvemento regulamentario para determinar o réxime xurídico que deba aplicarse ao dito persoal no exterior. Especificase que tanto a creación como a supresión de prazas, así como o réxime xurídico aplicable ao persoal no exterior, deberán acomodarse ao disposto na Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado.

En definitiva, esta lei segue en termos xerais a orientación da Lei 16/2006, do 26 de maio, pola que se regula o estatuto do membro nacional de Eurojust e as relacións con este órgano da Unión Europea, que agora se derroga, adaptando a regulación de Eurojust, das redes de cooperación xudicial internacional e do persoal dependente do Ministerio de Xustiza no exterior á normativa europea e á realidade actual da cooperación xudicial internacional. Para isto, tense en conta a pluralidade de autoridades nacionais competentes e a necesidade de definir de maneira clara e homoxénea a canle de intercambio de información entre Eurojust e esas autoridades nacionais, de maneira que a transmisión se produza a través dun sistema organizado e con plenas garantías de seguranza. Por último, regúlase as normas necesarias para evitar que unha mesma persoa poida ser obxecto de máis dun proceso penal polos mesmos feitos en distintos Estados membros.

CAPÍTULO I

Do estatuto do membro nacional en Eurojust, do membro nacional suplente e do asistente*Artigo 1. Membro nacional de España en Eurojust.*

O membro nacional será o representante de España e xefe da delegación española en Eurojust. Exercerá as competencias que lle atribúe o dereito da Unión Europea, de conformidade co previsto nesta lei e o seu lugar de traballo habitual estará na sede de Eurojust.

Artigo 2. Nomeamento.

1. O membro nacional de España en Eurojust será nomeado por real decreto do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Xustiza, entre maxistrados ou fiscais con, ao menos, quince anos de servizo na carreira, acreditada experiencia na xurisdición penal, coñecementos en materia de cooperación xurídica internacional e dominio do idioma inglés.

2. A selección do membro nacional levarase a cabo logo de convocatoria pública acordada polo Ministerio de Xustiza, que difundirán o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado polas respectivas carreiras xudicial e fiscal. O ministro de Xustiza comunicará o nome do candidato seleccionado ao Consello Xeral do Poder Xudicial ou á Fiscalía Xeral do Estado segundo a súa carreira de procedencia, co obxecto de que se emita informe acreditativo da antigüidade na carreira, experiencia na xurisdición penal, coñecementos en materia de cooperación xurídica ou outros relevantes para o posto que se vaia desempeñar, no prazo máximo de dez días.

3. O Ministerio de Xustiza notificará o nomeamento e a súa duración a Eurojust e á Secretaría Xeral do Consello, a través do órgano competente, de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 3. Duración do mandato e incompatibilidades.

1. O membro nacional de España en Eurojust será nomeado por un período de catro anos, renovable unicamente por un segundo período de igual duración. Non se computará, se for o caso, o tempo que empregase no exercicio do cargo de suplente ou asistente.

En caso de que o membro nacional sexa elixido presidente ou vicepresidente de Eurojust, a duración do seu mandato como membro nacional prolongarase até o final do mandato electivo.

2. Aplicarase ao membro nacional de España en Eurojust o réxime de incompatibilidades e abstención previsto para os membros da súa carreira de procedencia.

Artigo 4. Cesamento.

1. O membro nacional de España en Eurojust cesará nas súas funcións:
 - a) Por expiración do prazo de nomeamento.
 - b) Por renuncia.
 - c) Por separación da carreira xudicial ou fiscal, segundo a súa procedencia.
 - d) Por xubilación ou incapacidade.
 - e) Por decisión motivada do Consello de Ministros.

Previamente á separación do cargo pola causa especificada na alínea e), o ministro de Xustiza informará a Secretaría Xeral do Consello dos motivos do cesamento.

2. O cesamento acordarase mediante real decreto do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Xustiza.

3. O ministro de Xustiza notificará o dito cesamento a Eurojust e á Secretaría Xeral do Consello a través do órgano competente, en virtude do previsto no artigo 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Cando o cesamento se produza por expiración do prazo de nomeamento, o membro nacional continuará a desempeñar as súas funcións até a toma de posesión do novo membro designado.

Artigo 5. *Memoria de actividades.*

1. O membro nacional remitirá ao ministro de Xustiza, ao presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial e ao Fiscal Xeral do Estado un informe anual sobre as actividades desenvolvidas. O Goberno, por proposta do ministro de Xustiza, enviará unha copia ao Congreso dos Deputados e ao Senado.

2. O membro nacional poderá ser chamado para informar a Comisión Mixta para a Unión Europea das Cortes Xerais e, se for o caso, as comisións de xustiza e de interior do Congreso dos Deputados e do Senado sobre o informe anual, así como sobre a actividade desempeñada.

Artigo 6. *Membro nacional suplente.*

1. O Consello de Ministros, mediante real decreto e por proposta do ministro de Xustiza, nomeará un membro nacional suplente que terá o seu lugar de traballo na sede de Eurojust e exercerá a suplencia do membro nacional. Tamén poderá actuar en nome deste por delegación.

2. As funcións do membro nacional suplente serán as previstas no dereito da Unión Europea regulador de Eurojust, de conformidade co previsto nesta lei. Apoiará o membro nacional no exercicio ordinario das súas funcións e substituirao en caso de ausencia, enfermidade, abstención ou vacancia. O membro nacional suplente que actúe como membro nacional terá as mesmas facultades que a lei atribúe a este último.

3. As demais circunstancias relativas ao nomeamento, cesamento, situación administrativa e réxime de notificación á unidade Eurojust rexeranse polo disposto para o membro nacional de España en Eurojust.

Artigo 7. *Asistentes do membro nacional.*

1. O Consello de Ministros, mediante real decreto e por proposta do ministro de Xustiza, nomeará ao menos un asistente do membro nacional de España en Eurojust, que poderá ter o seu lugar de traballo na sede de Eurojust ou en Madrid. O real decreto de nomeamento determinará o lugar de traballo do asistente.

Se o asistente tiver o seu lugar de traballo en Madrid, a súa sede estará na Fiscalía Xeral do Estado, no Consello Xeral do Poder Xudicial ou no Ministerio de Xustiza, en función da súa carreira de procedencia.

Se se nomear máis dun asistente, só naqueles casos en que resulte necesario e coa previa autorización do colexio, poderán ter o seu lugar de traballo na sede de Eurojust.

2. O nomeamento levarase a cabo logo de convocatoria pública entre maxistrados, fiscais ou secretarios xudiciais con, ao menos, dez anos de servizo na carreira, acreditada experiencia na xurisdición penal, coñecementos en cooperación xurídica internacional e dominio do idioma inglés. O Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado ou a Secretaría Xeral da Administración de Xustiza, segundo a carreira de procedencia do candidato seleccionado polo ministro de Xustiza, emitirán, no prazo máximo de dez días desde que lles fose solicitado, un informe acreditativo da antigüidade na carreira, experiencia na xurisdición penal e coñecementos en materia de cooperación xurídica.

3. A situación administrativa, adscrición orgánica, duración do nomeamento, cesamento e réxime de notificación á unidade Eurojust dos asistentes rexeranse polo disposto para o membro nacional de España en Eurojust.

4. Os asistentes apoiarán o membro nacional no exercicio ordinario das súas funcións, sen facultades de substitución.

Artigo 8. *Situación administrativa e dependencia orgánica.*

O membro nacional de España en Eurojust, o membro nacional suplente e os asistentes pasarán á situación administrativa que lles corresponda de conformidade co disposto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e na Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, e quedarán baixo a dependencia orgánica do Ministerio de Xustiza.

CAPÍTULO II

Das atribucións do membro nacional de España en Eurojust

Artigo 9. *Atribucións do membro nacional de España en Eurojust.*

1. O membro nacional de España en Eurojust estará facultado para recibir, transmitir, proporcionar, dar curso e achegar información complementaria en relación coa execución das solicitudes e resolucións en materia de cooperación xudicial, incluídos os instrumentos de recoñecemento mutuo, remitidas polas autoridades nacionais competentes. Cando se exerzan as competencias determinadas no presente número, informarse sen demora a autoridade nacional competente.

2. En caso de execución parcial ou inadecuada dunha solicitude de cooperación xudicial, o membro nacional poderá pedir á autoridade nacional competente que ordene medidas complementarias, a fin de dar cumprida execución á solicitude.

3. O membro nacional de España en Eurojust recibirá e transmitirá as solicitudes de asistencia xudicial formuladas polas autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea a través de Eurojust. En caso de urxencia, o membro nacional de España en Eurojust poderá recibir solicitudes de asistencia xudicial directamente das autoridades doutro Estado membro da Unión Europea, que deberá transmitir ás autoridades nacionais competentes de maneira inmediata.

4. A atribución ao membro nacional de España en Eurojust das anteriores facultades entenderase de conformidade co previsto nos convenios e acordos vixentes canto á designación das autoridades nacionais competentes para a recepción e transmisión de solicitudes e resolucións de asistencia xudicial, incluídos os instrumentos de recoñecemento mutuo.

5. Cando no exercicio das funcións atribuídas por esta lei ao membro nacional se establezan relacións externas con terceiros Estados, o membro nacional actuará sempre respectando as vías formais establecidas polo dereito da Unión Europea, os instrumentos e convenios de cooperación xurídica internacional ou, se for o caso, en atención a criterios de reciprocidade cando sexan aplicables.

6. En relación coas solicitudes de auxilio xudicial, o membro nacional poderá corrixir erros, dividir a solicitude entre as autoridades competentes e realizar calquera outra modificación que resulte necesaria para a súa rápida e correcta tramitación.

7. O membro nacional de España en Eurojust informará os puntos de contacto da Rede Xudicial Europea de todos aqueles casos que, na súa opinión, poidan ser tratados mellor pola dita rede.

Artigo 10. *Competencias exercidas polas autoridades nacionais competentes por proposta do membro nacional.*

1. O membro nacional poderá propor ás autoridades nacionais competentes o exercicio das seguintes competencias, no suposto de que as circunstancias particulares que concorran en cada caso o fagan aconsellable:

a) Expedir e completar solicitudes e decisións de cooperación xudicial, incluídos os instrumentos de recoñecemento mutuo.

b) Executar en territorio español as solicitudes e decisións de cooperación xudicial, incluídos os instrumentos de recoñecemento mutuo.

c) Ordenar en territorio español as medidas de investigación que se consideren necesarias nunha reunión de coordinación organizada por Eurojust para prestar asistencia ás autoridades nacionais competentes interesadas nunha investigación concreta.

d) Autorizar e coordinar as entregas vixiadas en territorio español.

2. A proposta a que se refire o número 1 non terá carácter vinculante para a autoridade nacional competente.

Artigo 11. *Participación do membro nacional en equipos conxuntos de investigación.*

1. O membro nacional poderá participar nos equipos conxuntos de investigación de que formen parte autoridades españolas, mesmo na súa creación, sempre que a autoridade nacional competente para a constitución do Equipo Conxunto de Investigación o aprobe expresamente.

2. En todo caso, o membro nacional, o membro nacional suplente e os asistentes serán convidados a participar en nome de Eurojust en todos os equipos conxuntos de investigación que interesen a España e para os cales se prevexa financiamento comunitario.

Artigo 12. *Acceso e intercambio de información co membro nacional.*

O membro nacional de Eurojust, para o exercicio das súas competencias, poderá:

a) Acceder ao Rexistro Central de Antecedentes Penais e demais rexistros públicos nas mesmas condicións que se prevén para os xuíces e tribunais e para os membros do Ministerio Fiscal.

b) Acceder ao punto neutro xudicial.

c) Obter das Forzas e Corpos de Seguranza ou da Dirección Adxunta de Vixilancia Alfandegueira calquera información necesaria para o cumprimento das súas funcións, nas mesmas condicións que se prevén para os xuíces e tribunais e para os membros do Ministerio Fiscal.

d) Recibir información por parte da Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), como autoridade española competente, nos supostos previstos na normativa comunitaria.

e) Acceder ao Sistema de información de Schengen nos termos establecidos no Convenio do 19 de xuño de 1990, de aplicación do Acordo de Schengen do 14 de xuño de 1985, ou nas disposicións polas cales se modifica, así como a outros sistemas de información da Unión Europea de conformidade coas súas disposicións específicas.

f) Acceder á información centralizada recollida pola Rede Xudicial Europea.

Artigo 13. *Funcionamento dos ficheiros temporais de traballo e o índice.*

1. O membro nacional abrirá un ficheiro temporal de traballo para cada caso respecto do cal se lle transmita información, sempre que a transmisión sexa conforme con esta lei e coa Decisión 2009/426/XAI do Consello do 16 de decembro de 2008, pola que se reforza Eurojust e se modifica a Decisión 2002/187/XAI, pola que se crea Eurojust para reforzar a loita contra as formas graves de delincuencia, ou cos instrumentos establecidos na Decisión 2005/671/XAI, do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativa ao intercambio de información e a cooperación concernente a delitos terroristas. O membro nacional será responsable da xestión dos ficheiros temporais de traballo que abra.

2. O membro nacional decidirá, cando abra un ficheiro temporal de traballo e tendo en conta cada caso particular, se mantén a restrición sobre o dito ficheiro ou se dá acceso a el, ou a partes del, cando for preciso, para que Eurojust poida realizar as súas tarefas, aos demais membros nacionais ou ao persoal autorizado de Eurojust.

3. O membro nacional decidirá, cando abra un ficheiro temporal de traballo, que información sobre o ficheiro se introducirá no índice.

4. O membro nacional deberá permitir o acceso a ese ficheiro ao responsable da protección de datos e informarao da apertura de cada novo ficheiro temporal de traballo que conteña datos persoais.

Artigo 14. *Protección de datos.*

1. A transmisión de datos persoais que sexa consecuencia do exercicio das atribucións conferidas ao membro nacional de Eurojust rexerá pola normativa que lle sexa aplicable, en función da natureza do ficheiro en cuestión.

2. O membro nacional de Eurojust poderá acceder aos datos de carácter persoal nas mesmas condicións que os xuíces e tribunais e os membros do Ministerio Fiscal.

3. Só poderán ter acceso aos datos persoais que estean en poder de Eurojust para a realización dos seus obxectivos, e dentro dos límites fixados nesta lei, o membro nacional, o seu suplente e asistentes e as persoas determinadas no artigo 18.1, sempre que estean conectados ao sistema de xestión de casos conforme o artigo 20.2.

CAPÍTULO III

Dos correspondentes nacionais e do sistema de coordinación nacional de Eurojust

Artigo 15. *Correspondentes nacionais de Eurojust.*

1. O ministro de Xustiza, logo de autorización do Consello Xeral do Poder Xudicial ou da Fiscalía Xeral do Estado, segundo o corpo de procedencia da persoa seleccionada, designará mediante orde un ou varios correspondentes nacionais de Eurojust entre maxistrados ou fiscais.

En todo caso, nomearase un correspondente nacional para asuntos de terrorismo, cuxo nomeamento se levará a cabo, polo mesmo procedemento descrito no parágrafo anterior, entre maxistrados ou fiscais que presten servizos na Audiencia Nacional.

2. Estas designacións realizaranse por un período de catro anos, renovable, e notificaranse á unidade Eurojust a través do órgano competente, en virtude do previsto no artigo 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A designación como correspondente nacional de Eurojust non alterará a situación administrativa do designado nin comportará a provisión dun posto de traballo ou destino distinto do que viñese desempeñando.

4. Cando só se nomease un correspondente nacional de Eurojust, este asumirá as funcións de coordinador nacional previstas na presente lei. No caso de seren designados varios correspondentes nacionais, o ministro de Xustiza determinará, mediante orde, cal deles terá a condición de coordinador nacional.

5. Os correspondentes nacionais, desde o seu nomeamento, adquirirán a condición de punto de contacto da Rede Xudicial Europea, condición que perderán cando cesen no desempeño do seu cargo.

Artigo 16. *Funcións dos correspondentes nacionais de Eurojust.*

1. Sempre que o membro nacional así o solicite, os correspondentes nacionais de Eurojust deberán transmitir aos órganos xudiciais ou do Ministerio Fiscal as solicitudes realizadas no exercicio das súas funcións. De igual modo, prestarán ao membro nacional o apoio técnico necesario para o seu cumprimento.

2. Os correspondentes nacionais facilitarán a asistencia necesaria ás autoridades nacionais competentes nas súas relacións con Eurojust.

3. As relacións entre o membro nacional e os correspondentes nacionais non exclúen as relacións directas entre o membro nacional e as autoridades nacionais competentes.

Artigo 17. *Funcións do correspondente nacional para asuntos de terrorismo.*

O correspondente nacional para asuntos de terrorismo exercerá as funcións previstas no dereito da Unión Europea. Para tal fin, o correspondente terá acceso á información, que transmitirá a Eurojust, relativa á existencia de calquera investigación ou procedemento xudicial por delitos de terrorismo e ao menos:

- a) Á identificación das persoas ou entidades suxeitas ás ditas investigacións.
- b) Aos actos obxecto de investigación ou axuizamento e ás súas circunstancias específicas.
- c) Á relación con outros casos pertinentes de delitos de terrorismo.
- d) Ás eventuais actuacións que en materia de cooperación xurídica internacional se tiveren podido cursar en relación con aquelas, así como ao seu resultado.

Artigo 18. *Sistema de coordinación nacional de Eurojust.*

1. O sistema de coordinación nacional de Eurojust estará integrado:

- a) Polo coordinador nacional de Eurojust e, se for o caso, os correspondentes nacionais de Eurojust.
- b) Polo correspondente nacional para asuntos de terrorismo.
- c) Polo coordinador nacional da Rede Xudicial Europea e dous puntos de contacto da Rede Xudicial Europea, pertencentes a cada unha das restantes institucións que non desempeñen as funcións de coordinador nacional.
- d) Un punto de contacto que designará cada unha das redes de equipos conxuntos de investigación e das redes establecidas de conformidade coa Decisión 2002/494/XAI, do Consello, do 13 de xuño de 2002, relativa á creación dunha rede europea de puntos de contacto en relación coas persoas responsables de xenocidio, crimes contra a humanidade e crimes de guerra, a Decisión 2007/845/XAI do Consello, do 6 de decembro de 2007, sobre cooperación entre os organismos de recuperación de activos dos Estados membros no ámbito do seguimento e a identificación de produtos do delito ou doutros bens relacionados co delito, e a Decisión 2008/852/XAI do Consello, do 24 de outubro de 2008, relativa a unha rede de puntos de contacto en contra da corrupción.
- e) Un punto de contacto das demais redes de cooperación existentes.

2. O Ministerio de Xustiza facilitará os medios necesarios para garantir o funcionamento do sistema de coordinación nacional de Eurojust.

3. Os membros do sistema de coordinación nacional reuniranse como mínimo cada seis meses e, en todo caso, sempre que a xestión dun caso concreto o requira, logo de convocatoria do coordinador nacional. O membro nacional será informado das convocatorias e poderá asistir ás reunións cando así o ache conveniente. Ademais das reunións plenarias, poderán ser convocadas reunións sectoriais cando as cuestións que se van tratar non afecten todas as redes representadas no sistema.

4. Cando se considere necesario, en función da materia que se vai tratar, o coordinador nacional poderá convocar a unidade nacional de Europol e representantes das Forzas e Corpos de Seguranza do Estado ou da Dirección Adxunta de Vixilancia Alfandegueira.

5. O funcionamento do sistema de coordinación nacional non deberá substituír nin entorpecer o contacto directo entre as autoridades competentes previsto nos instrumentos de cooperación xurídica internacional, nin excluír as relacións directas entre o membro nacional e as autoridades nacionais competentes.

Artigo 19. *Funcións do coordinador nacional de Eurojust.*

1. O coordinador nacional responderá do funcionamento do sistema de coordinación nacional de Eurojust e como tal poderá actuar por iniciativa propia ou ben por instancia do membro nacional ou das autoridades nacionais competentes.

2. O coordinador nacional facilitará, dentro do territorio español, a realización das tarefas de Eurojust e, en particular,:

- a) Garantirá que o sistema de xestión de casos reciba de forma eficaz e fiable a información requirida.
- b) Axudará a determinar os casos que corresponde tratar a Eurojust ou á Rede Xudicial Europea.
- c) Axudará ao membro nacional a identificar as autoridades competentes para a execución das solicitudes e decisións de cooperación xudicial, incluídas as referentes aos instrumentos de recoñecemento mutuo.
- d) Manterá estreitas relacións coa unidade nacional da Europol.

3. Para o exercicio das súas funcións, o coordinador nacional deberá estar conectado ao sistema de xestión de casos, conforme o establecido no artigo 20.

Artigo 20. Acceso ao sistema de xestión de casos a nivel nacional.

1. As persoas mencionadas nas alíneas a), b), c), d) e e) do artigo 18.1, na medida en que estean conectadas ao sistema de xestión de casos, só poderán ter acceso:

- a) Ao índice, salvo que o membro nacional que introduciuse o dato o denegue expresamente.
- b) Aos ficheiros temporais de traballo abertos ou xestionados polo membro nacional español.
- c) Aos ficheiros temporais de traballo abertos ou xestionados por membros nacionais doutros Estados membros e aos cales o membro nacional español recibise acceso, a menos que o membro nacional que abriu ou xestiona o ficheiro denegase expresamente o acceso.

2. O membro nacional, dentro das restricións impostas nas alíneas anteriores, decidirá sobre a amplitude do acceso aos ficheiros temporais de traballo.

3. O Ministerio de Xustiza, logo de consulta ao membro nacional, decidirá sobre a amplitude do acceso ao índice e notificará a decisión a Eurojust e á Secretaría Xeral do Consello. Non obstante, as persoas a que se refire o número 1 deberán ter acceso, ao menos, ao índice, na medida en que sexa necesario para acceder aos ficheiros temporais de traballo aos cales se lles tiver podido conceder acceso.

CAPÍTULO IV

Das relacións entre Eurojust e as autoridades españolas

Artigo 21. Deber de colaboración.

1. Os xuíces e tribunais, os membros do Ministerio Fiscal e todas as persoas e entidades públicas están obrigadas a prestar a colaboración requirida por Eurojust, colexiadamente ou a través do membro nacional de España en Eurojust, do membro nacional suplente ou do asistente, así como polos correspondentes nacionais, dentro do marco das súas respectivas competencias e de conformidade co disposto nas leis.

2. Se for o caso, a negativa a prestar a colaboración debida poderá ser constitutiva de responsabilidade disciplinaria, para o cal o membro nacional poderá pór os feitos en coñecemento dos órganos competentes do Consello Xeral do Poder Xudicial ou da Fiscalía Xeral do Estado, segundo os casos.

Artigo 22. Actuacións por instancia de Eurojust.

1. O membro nacional de España en Eurojust, o membro nacional suplente ou os asistentes comunicaranse directamente co coordinador nacional ou, dentro do marco das súas respectivas competencias, coa autoridade nacional competente que coñeza do

asunto. A Fiscalía Xeral do Estado será competente para recibir as solicitudes cando se refiran á iniciación dunha investigación ou se trate dunha actuación penal sobre feitos concretos, ou ben cando versen sobre o recoñecemento de que as autoridades dun Estado membro están en mellor condición para levar a cabo unha investigación ou unhas actuacións xudiciais sobre feitos concretos. Recibida unha solicitude, o fiscal xeral do Estado resolverá sobre a súa procedencia e impartirá, se for o caso, as instrucións oportunas para que o Ministerio Fiscal solicite as actuacións que sexan pertinentes.

2. As autoridades competentes que reciban unha solicitude de actuación por instancia do membro nacional de España en Eurojust comunicarán a súa decisión nun prazo de 10 días. Se pola natureza da solicitude non puider darse contestación nese prazo, comunicarán sen demora os motivos do atraso ou, se for o caso, aqueles polos cales non resulta posible acceder ao solicitado. Cando non sexa posible motivar a negativa a acceder a unha solicitude debido a que facelo prexudicaría intereses fundamentais da seguranza nacional ou poría en perigo o correcto desenvolvemento de investigacións en curso ou a seguranza das persoas, as autoridades competentes poderán dar motivos baseados en tales circunstancias.

Cando os datos proporcionados pola solicitude de Eurojust non sexan suficientes para resolver, as autoridades competentes poderán solicitar do membro nacional que complete a información ou presente os documentos que resulten necesarios.

Artigo 23. *Solicitud de intervención de Eurojust.*

Poderán solicitar directamente a intervención de Eurojust os xuíces e maxistrados, os membros do Ministerio Fiscal e o Ministerio de Xustiza dentro do marco das súas respectivas competencias.

O disposto neste artigo é tamén aplicable aos casos en que as investigacións ou actuacións afecten un terceiro Estado con que Eurojust celebre un acordo de cooperación, así como as que afecten os intereses da Unión Europea.

O membro nacional de Eurojust comunicará ao fiscal xeral do Estado calquera información que posúa e que poida ser de interese para as investigacións ou procedementos penais que poida desenvolver a xurisdición española, ou para a súa coordinación cos que se desenvolvan noutro Estado membro da Unión Europea.

Artigo 24. *Transmisión de información a Eurojust.*

1. As autoridades competentes, no marco das competencias que teñan legalmente atribuídas, transmitirán ao membro nacional de España en Eurojust a información a que se refire o presente artigo. Esta comunicación realizarase a través da Fiscalía Xeral do Estado para a súa inmediata e directa transmisión ao membro nacional. Tamén poderá realizarse a comunicación directamente ao membro nacional, informando disto a Fiscalía Xeral do Estado.

2. No prazo máximo dun mes desde que se teña coñecemento da concorrencia dos requisitos que xeren a obrigaçión de informar, as autoridades competentes deberán comunicar ao membro nacional de España en Eurojust a existencia de toda investigación, procedemento ou condena susceptible de afectar materias competencia de Eurojust e necesaria para o cumprimento das súas funcións, na forma, nos supostos e coas excepcións que se establecen nesta lei. Non obstante o anterior, a dita comunicación poderá demorarse polo tempo indispensable para non comprometer o resultado das investigacións.

3. Esta transmisión de información non virá obstaculizada polo carácter secreto da investigación penal, nin sequera no caso de que, de conformidade co establecido na Lei de axuízamento criminal, sexa declarada secreta para as partes, e axustarase á normativa aplicable en materia de protección de datos.

4. A transmisión de información interpretarase como petición de asistencia a Eurojust só naqueles casos en que a autoridade competente así o especifique.

5. Ademais da obrigaón de atender as solicitudes de Eurojust en casos concretos, as autoridades competentes informarán o membro nacional de España en Eurojust de calquera caso que afecte ao menos tres Estados membros e para o cal se transmitisen solicitudes de cooperación xudicial ao menos a dous Estados membros, incluídas as referentes a instrumentos de recoñecemento mutuo, cando se der calquera das seguintes condicións:

a) O delito de que se trate está castigado en España con pena privativa de liberdade ou medida de seguranza dun período máximo de ao menos cinco anos e estea incluído na seguinte lista:

- 1.º Tráfico de seres humanos.
- 2.º Explotación sexual dos nenos e pornografía infantil.
- 3.º Tráfico de drogas.
- 4.º Tráfico ilícito de armas de fogo, as súas pezas e compoñentes e municións.
- 5.º Corrupción.
- 6.º Fraude contra os intereses financeiros das Comunidades Europeas.
- 7.º Falsificación do euro.
- 8.º Branqueo de diñeiro.
- 9.º Ataques contra os sistemas de información.

b) Existen indicios materiais de que está implicada unha organización delituosa.

c) Existen indicios de que o caso pode presentar unha importante dimensión transfronteiriza ou ter repercusións a nivel da Unión Europea, ou de que podería afectar outros Estados membros distintos dos directamente afectados.

6. Igualmente, as autoridades nacionais competentes informarán o membro nacional:

a) Dos casos en que se produciron ou sexa probable que se produzan conflitos de xurisdición, sen prexuízo do regulado no capítulo V desta lei. Os xuíces e tribunais e, se for o caso, os fiscais, en caso de conflito de xurisdición con outro Estado membro, poderán solicitar do membro nacional de Eurojust que, na falta de acordo entre as autoridades nacionais competentes interesadas e na falta tamén de acordo dos membros nacionais sobre o modo de resolver o dito conflito, pida a emisión polo Colexio de Eurojust dun ditame escrito non vinculante sobre o asunto.

b) Das entregas vixiadas que afecten ao menos tres Estados, dos cales ao menos dous sexan Estados membros.

c) Das dificultades ou denegacións reiteradas de execución das solicitudes ou de resolucións de cooperación xudicial, incluídos os instrumentos de recoñecemento mutuo. As autoridades xudiciais competentes poderán solicitar ao Colexio de Eurojust un ditame escrito non vinculante sobre o asunto, sempre que este non se puidese resolver de mutuo acordo entre as autoridades nacionais competentes ou mediante a participación dos membros nacionais interesados.

7. As autoridades españolas competentes para a creación dun equipo conxunto de investigación comunicarán a Eurojust, con carácter previo á súa sinatura, a creación dos equipos conxuntos en que exista participación española, así como os seus resultados, sempre que versen sobre materias da súa competencia.

8. O membro nacional de España en Eurojust poderá intercambiar, sen autorización previa, con outros membros nacionais ou coas autoridades españolas competentes, calquera información necesaria para o cumprimento das funcións de Eurojust. En particular, o membro nacional será informado, nos termos establecidos no número 2, de todo caso que o afecte.

9. O membro nacional, o membro nacional suplente, os asistentes e calquera outro integrante da delegación española en Eurojust, así como os correspondentes nacionais, estarán suxeitos á obrigaón de confidencialidade.

10. O deber de colaboración previsto neste artigo prestarase sen prexuízo das condicións fixadas nos acordos bilaterais ou multilaterais subscritos polo Estado español e terceiros países, incluída calquera condición establecida por terceiros países relativa ao uso da información unha vez facilitada.

Artigo 25. *Excepcións da obrigaón de transmitir información.*

As autoridades nacionais non estarán obrigadas a dar información nun caso particular se isto supón:

- a) Prexudicar intereses fundamentais da seguranza nacional,
- b) ou pór en perigo a seguranza das persoas.

Artigo 26. *Estrutura da información transmitida.*

Para a transmisión da información que con carácter obrigatorio debe ser remitida a Eurojust, facilitarase un formulario que estará dispoñible en formato electrónico, sen prexuízo de ter por cumprida a obrigaón de información coa transmisión dos datos mínimos recollidos no anexo da Decisión 2009/426/XAI do Consello, do 16 de decembro de 2008, pola que se reforza Eurojust e se modifica a Decisión 2002/187/XAI, pola que se crea Eurojust para reforzar a loita contra as formas graves de delincuencia.

Artigo 27. *Remisión a España das actuacións penais iniciadas noutro Estado membro da Unión Europea.*

1. Cando unha autoridade xudicial doutro Estado membro da Unión Europea decidise trasladar un procedemento iniciado no seu país por considerar que España está en mellores condicións para coñecer dos feitos, o Colexio de Eurojust ou o membro nacional de Eurojust poderán instar as autoridades competentes para que asuman estas investigacións. Se se trata de iniciar un novo procedemento en España, remitirán a solicitude á Fiscalía Xeral do Estado, de conformidade co disposto no artigo 22.

2. A ampliación prevista no número anterior só será posible mentres o estado do procedemento xudicial o permita.

3. Só se poderá acceder ao solicitado cando a xurisdición española resulte competente para coñecer dos feitos a que se refire o procedemento xudicial que se traslada e o delito presuntamente cometido non prescribise de conformidade co dereito español.

4. Aceptada a iniciación ou ampliación do procedemento, consideraranse válidos en España os actos de instrución realizados polo Estado que remite o procedemento, sempre que non contradigan os principios fundamentais do ordenamento xurídico español. En caso de delito que non sexa perseguible en España senón por instancia de parte, consideraranse válida a instrución comezada no Estado de remisión sen este requisito se a persoa que ten dereito a formular a acción penal expresamente acepta a investigación realizada, ao mesmo tempo que interpón a correspondente querela.

Artigo 28. *Célula de Coordinación de Emerxencias.*

1. As autoridades xudiciais competentes poderán remitir a Eurojust, a través da Célula de Coordinación de Emerxencias, as solicitudes ou resolucións cuxa execución sexa urxente nun ou máis Estados membros, mesmo sobre instrumentos de recoñecemento mutuo.

2. O punto de contacto da Célula transmitirá inmediatamente a solicitude ao representante da Célula do Estado membro en que se orixine e, se a autoridade que a transmite o solicita explicitamente, aos representantes da Célula dos Estados membros en cuxo territorio deba executarse a solicitude.

3. O representante de España na Célula de Coordinación de Emerxencias será o membro nacional ou o membro nacional suplente que, para estes efectos, estarán

habilitados para actuar vinte e catro horas ao día e sete días á semana. O dito representante actuará sen demora para a execución da solicitude en España.

Artigo 29. *Membro da Autoridade Común de Control.*

O director da Axencia Española de Protección de Datos formará parte, en representación do Estado español, da Autoridade Común de Control de Eurojust, por un período de tres anos prorrogables.

O Goberno notificará o seu nomeamento e cesamento a Eurojust e á Secretaría Xeral do Consello, a través do órgano competente, de acordo co previsto no artigo 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CAPÍTULO V

Dos conflitos de xurisdición

Artigo 30. *Solicitude de contacto á autoridade competente doutro Estado membro ante a sospeita dun conflito de xurisdición.*

1. Cando o órgano xudicial que coñeza da instrución ou do axuizamento dun proceso penal en España aprecie indicios suficientes de que, noutro Estado membro, se está tramitando un proceso penal, xa sexa en fase de instrución ou de axuizamento, contra a mesma persoa e respecto dos mesmos feitos, enviará unha solicitude de contacto á autoridade competente do outro Estado membro.

2. O Ministerio Fiscal será competente para solicitar o contacto se se trata de dilixencias de investigación substanciadas ante a Fiscalía ou da instrución dun procedemento de responsabilidade penal de menores.

3. Non será necesario cursar a dita solicitude en caso de que xa se informase por outros medios da existencia dun eventual conflito de xurisdición á autoridade competente que o estivese a tramitar.

4. A solicitude de contacto enviarase no prazo de quince días desde que conste no procedemento español a existencia dun eventual conflito de xurisdición.

5. A autoridade competente deberá incluír na solicitude de contacto a seguinte información:

a) Unha descrición detallada dos feitos e circunstancias que sexan obxecto do proceso penal en España ou das dilixencias de investigación.

b) Tipificación da conduta en España.

c) Datos sobre a identidade do imputado ou acusado e da detención, prisión ou das medidas cautelares que fosen adoptadas.

d) Datos, se procede, das vítimas da infracción penal e medidas de protección que fosen adoptadas en relación con elas.

e) Fase alcanzada no proceso penal español, con testemuño das resolucións xudiciais que concreten a imputación realizada e os motivos racionais de criminalidade apreciados polo xuíz instrutor, así como, se for o caso, testemuño do escrito de acusación presentado polo Ministerio Fiscal e polas demais partes acusadoras comparecidas.

f) Datos de contacto da autoridade xudicial responsable en España da instrución, do axuizamento ou do fiscal responsable das dilixencias de investigación, así como, se proceder, do punto de contacto da Rede Xudicial Europea ou do membro nacional de España en Eurojust que poida auxiliar as autoridades xudiciais no intercambio de información en relación con este eventual conflito de xurisdición.

g) Así mesmo, a autoridade competente española poderá facilitar información adicional relativa ás probas ou dilixencias de investigación que consten practicadas no procedemento español ou ás dificultades que se presentasen ou sexa probable que xurdan na investigación ou axuizamento da causa en España.

En caso de non poder facilitar a información detallada neste número por entender que, se se fixer, se prexudicarían os intereses fundamentais de seguranza nacional ou se poría en perigo a seguranza das persoas, nos termos previstos no artigo 25, farase constar expresamente na consulta a concorrencia destas excepcións. O segredo das actuacións non afectará esta obrigaón de consulta, nos termos previstos no artigo 24.3 desta lei.

6. O contacto coa autoridade competente do outro Estado membro será directo, sen prexuízo da posibilidade de pedir a asistencia dos puntos de contacto da Rede Xudicial Europea ou do membro nacional de España en Eurojust se resultar necesario, ben para facilitar o contacto directo entre as autoridades xudiciais implicadas ou ben para coñecer a identidade da autoridade xudicial con que resulta obrigatorio establecer o contacto.

7. No caso de que a solicitude de contacto a curse un órgano xudicial, esta acordarase por auto motivado logo de audiencia ao Ministerio Fiscal e, se for o caso, ás demais partes comparecidas, para alegacións por escrito no prazo de dous días sobre os termos en que debe formularse a solicitude.

8. Cando o Ministerio Fiscal sexa o competente para solicitar o contacto, a solicitude acordarase por decreto.

Artigo 31. Resposta á solicitude de contacto recibida pola autoridade española competente ante un eventual conflito de xurisdición.

1. A autoridade española competente responderá, por calquera medio que deixe constancia escrita, a solicitude de contacto que lle envíe a autoridade doutro Estado membro ante a eventual existencia dun conflito de xurisdición. Esta contestación efectuarase no prazo razoable indicado pola dita autoridade ou, na súa falta, no prazo de quince días desde a recepción da solicitude.

2. Se a autoridade española competente non puiden dar unha resposta no prazo previsto legalmente, informará de inmediato a autoridade solicitante dos motivos da demora e indicará o prazo previsible en que poderá facilitar a información, prazo que en todo caso non poderá exceder un mes, e se se tratar dunha petición urxente, de quince días.

3. A autoridade competente terá a obrigaón de responder, en todo caso, á solicitude de información cursada e a súa resposta conterá, cando proceda, a información detallada no número 5 do artigo anterior, salvo que prexudique os intereses fundamentais de seguranza nacional ou poña en perigo a seguranza das persoas nos termos previstos no artigo 25, e neste caso farase constar expresamente a concorrencia destas excepcións na resposta que se facilite. O segredo das actuacións non afectará a obrigaón de contestar, nos termos do artigo 24.3 desta lei.

4. Se a autoridade receptora da consulta non é a competente para respondela, transmitiraa sen demora á autoridade que si o sexa e informará desta remisión o membro nacional de España en Eurojust e a autoridade solicitante, facilitándolle os datos de contacto da autoridade competente.

5. En caso de que sexa competente para a súa contestación un órgano xudicial, este dará traslado da solicitude ao Ministerio Fiscal e, se é o caso, ás demais partes comparecidas, para alegacións por escrito no prazo de dez días sobre os termos en que debe responderse a solicitude. O xuíz ou tribunal resolverá por auto, que deberá ditarse nos cinco días seguintes.

Se a solicitude de información ten carácter urxente por estar o imputado, acusado ou procesado privado de liberdade, a autoridade xudicial española dará audiencia ao Ministerio Fiscal e ás demais partes comparecidas e resolverá no prazo máximo de cinco días desde a recepción da consulta.

6. En caso de tratarse de dilixencias de investigación substanciadas ante a Fiscalía ou da instrución dun procedemento de responsabilidade penal de menores, o Ministerio Fiscal será o responsable de contestar a consulta.

Artigo 32. *Decisión en relación co conflito de xurisdición.*

1. Unha vez establecido contacto directo coa autoridade competente doutro Estado membro e confirmada a tramitación paralela de dous procesos penais contra a mesma persoa e respecto dos mesmos feitos, o órgano xudicial oirá o Ministerio Fiscal e demais partes comparecidas, polo prazo común de dez días, sobre se procede a substanciación de ambos os procedementos penais nun mesmo Estado membro e sobre os criterios que concorren para que a autoridade xudicial española ceda ou non a xurisdición a outro Estado membro.

2. Despois desta audiencia, o xuíz ou tribunal promoverá o consenso coa autoridade competente do outro Estado membro e, en caso de non lograrse, poderá trasladar o asunto a Eurojust, sempre que se trate dunha materia incluída no seu ámbito de competencias, a través do membro nacional de España. Se non houber acordo tampouco entre os membros nacionais de Eurojust, poderá solicitar ao membro nacional español que pida un ditame escrito non vinculante do Colexio de Eurojust.

3. A autoridade xudicial española informará a autoridade competente do outro Estado membro e o membro nacional de España en Eurojust de calquera medida procesual importante que se adopte no procedemento penal en que se suscitou o eventual conflito.

4. Recibido o ditame, que non será vinculante, dos membros nacionais ou do Colexio de Eurojust, oírase de novo o Ministerio Fiscal e, se for o caso, as demais partes comparecidas, nun prazo de cinco días. Despois disto o xuíz ou tribunal resolverá, por auto motivado, ditado no prazo de cinco días, sobre a continuación ou non do procedemento ante a xurisdición española.

Este auto será notificado á autoridade competente do outro Estado membro e porase en coñecemento de Eurojust. Contra el poderán interporse os recursos ordinarios previstos na Lei de axuízamento criminal, que se tramitarán con carácter preferente e non terán efectos suspensivos.

5. Para a resolución do conflito de xurisdición o xuíz ou tribunal terá en conta os seguintes criterios:

- a) Residencia habitual e nacionalidade do imputado.
- b) Lugar en que se cometeu a maior parte da infracción penal ou a súa parte máis substancial.
- c) Xurisdición conforme a cuxas regras se obtiveron as probas ou lugar onde é máis probable que estas se obteñan.
- d) Interese da vítima.
- e) Lugar onde se encontren os produtos ou efectos do delito e xurisdición por instancia da cal foron asegurados para o proceso penal.
- f) Fase en que se encontran os procesos penais substanciados en cada Estado membro.
- g) Tipificación da conduta delituosa e pena con que esta vén castigada na lexislación penal dos distintos Estados membros implicados no conflito de xurisdición.

6. Se se trata de dilixencias de investigación substanciadas ante a Fiscalía ou da instrución dun expediente de responsabilidade penal de menores, resolverase por decreto, que deberá estar motivado e se comunicará ás persoas investigadas, ao denunciante e aos que alegasen ser prexudicados ou ofendidos, os cales, en caso de desconformidade, poderán reproducir as súas pretensións ante o xuíz de instrución ou ante o xuíz de menores, respectivamente.

CAPÍTULO VI

Das redes de cooperación xudicial internacional

Artigo 33. *Nomeamento e cesamento dos puntos de contacto.*

1. Dentro dos termos previstos nas súas normas de creación, corresponde ao Ministerio de Xustiza designar e cesar os puntos de contacto españois das redes de cooperación xudicial internacional.

2. A designación realizarase entre persoas con acreditada experiencia en cooperación xurídica internacional e dominio do idioma inglés ou francés, se for o caso, e asegurará, como mínimo, a representación do Poder Xudicial, do Ministerio Fiscal e do Ministerio de Xustiza. Para tal efecto, corresponde ao Consello Xeral do Poder Xudicial e ao fiscal xeral do Estado propor ao ministro de Xustiza a designación e cesamento dos puntos de contacto pertencentes ás respectivas carreiras.

3. Cando así o requira a materia, o Ministerio de Xustiza poderá dirixirse ao Ministerio do Interior para que propoña o nomeamento dos puntos de contacto pertencentes ás Forzas e Corpos de Seguranza do Estado. Así mesmo, poderá dirixirse á Axencia Estatal de Administración Tributaria para que propoña a designación como punto de contacto dun funcionario pertencente á Dirección Adxunta de Vixilancia Alfandegueira.

4. A condición de punto de contacto cesará a partir do momento en que a persoa deixe de desempeñar as súas funcións ao servizo da institución que propuxo a súa designación. Este dato será comunicado ao Ministerio de Xustiza, que deberá pólo en coñecemento da Secretaría da Rede.

Artigo 34. *Funcións dos puntos de contacto.*

1. Os puntos de contacto serán intermediarios activos destinados a facilitar a cooperación entre as autoridades xudiciais de distintos Estados, e encontraranse á disposición das autoridades españolas competentes, así como de todos os demais puntos de contacto, proporcionando a información xurídica e práctica necesaria para mellorar a cooperación xudicial.

2. Con carácter anual, os puntos de contacto remitirán á institución de que dependan os datos estatísticos relativos á súa actividade. Cada institución remitirá os datos estatísticos ao coordinador nacional correspondente co obxecto de cumprir coa obrigaición contida na alínea c) do artigo 36.

Artigo 35. *Do coordinador nacional da Rede Xudicial Europea e do coordinador nacional da Rede de Equipos Conxuntos de Investigación.*

A función de coordinador nacional da Rede Xudicial Europea e de coordinador nacional da Rede de Equipos Conxuntos de Investigación será exercida de maneira rotatoria por períodos de dous anos polo Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado e o Ministerio de Xustiza nos termos que acorden estas institucións.

Artigo 36. *Funcións do coordinador nacional da Rede Xudicial Europea e do coordinador nacional da Rede de Equipos Conxuntos de Investigación.*

Ademais das funcións que, conforme o establecido no artigo 34, lle correspondan como punto de contacto, o coordinador nacional da Rede Xudicial Europea e o coordinador nacional da Rede de Equipos Conxuntos de Investigación, nos seus respectivos ámbitos de competencia:

- a) Serán responsables dos asuntos relacionados co funcionamento interno da Rede e deben convocar ao menos unha vez ao ano unha reunión de puntos de contacto para informar dos asuntos relativos á respectiva rede.
- b) Serán os interlocutores coa secretaría da Rede.
- c) Serán os responsables de recompilar as estatísticas das diferentes institucións e remitilas de maneira integrada á Rede.
- d) Asistirán en representación de España ás reunións de coordinadores nacionais convocadas polas secretarías das redes.

Artigo 37. *Do correspondente de ferramentas da Rede Xudicial Europea.*

1. O ministro de Xustiza designará o correspondente de ferramentas da Rede Xudicial Europea.

2. O correspondente de ferramentas facilitará e manterá actualizada a información que deba ser difundida no seo da Rede Xudicial Europea.

CAPÍTULO VII

Do persoal dependente do Ministerio de Xustiza no exterior

Artigo 38. *Nomeamento e cesamento.*

1. O Goberno poderá crear ou suprimir, mediante real decreto e de conformidade co establecido no artigo 42.6 da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, prazas de maxistrados de enlace, conselleiros de cooperación xurídica, conselleiros de xustiza ou calquera outro que se considere necesario e nos destinos que proceda, de conformidade co previsto no dereito da Unión Europea, os convenios internacionais ou o acordado en termos de reciprocidade. Os seus nomeamentos e cesamentos serán realizados polo ministro de Xustiza, logo de informe do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

2. Mediante real decreto establecerase o réxime xurídico aplicable a todo o persoal dependente do Ministerio de Xustiza no exterior, que deberá acomodarse igualmente ao que dispón a Lei da acción e do servizo exterior do Estado.

Artigo 39. *Adquisición da condición de punto de contacto da Rede Xudicial Europea.*

Os maxistrados de enlace destacados nun Estado membro da Unión Europea adquirirán a condición de punto de contacto da Rede Xudicial Europea e exercerán as funcións a que se refire o artigo 34 da presente lei. Esta condición cesará cando cese a súa condición de maxistrados de enlace.

Disposición adicional primeira. *Réxime retributivo.*

O membro nacional de Eurojust, o membro nacional suplente e o asistente ou asistentes a que se refire o artigo 7, cando teñan asignado lugar de destino na sede de Eurojust no exterior, así como o restante persoal dependente do Ministerio de Xustiza con destino no exterior, manterán o réxime retributivo dos seus corpos de orixe, para o cal o Consello de Ministros fixará as contías das retribucións complementarias e da correspondente indemnización por destino no estranxeiro, de acordo coas previsións contidas no Real decreto 6/1995, do 13 de xaneiro, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios destinados no estranxeiro.

Non procederá esta última indemnización cando o lugar de destino do asistente ou asistentes se encontre en España.

Disposición adicional segunda. *Comunicación a Eurojust e á Secretaría Xeral do Consello.*

Á entrada en vigor desta lei, o Goberno comunicará a Eurojust e á Secretaría Xeral do Consello o alcance das competencias que o membro nacional poderá exercer a nivel nacional, así como a súa capacidade para actuar en relación con autoridades xudiciais de terceiros Estados, de acordo cos instrumentos internacionais.

Disposición adicional terceira. *Non incremento de gasto.*

A aprobación da presente lei non suporá incremento de gasto en materia de persoal.

Disposición transitoria. *Vixencia dos nomeamentos.*

No momento da entrada en vigor desta lei, o actual membro nacional de España en Eurojust verá o seu mandato estendido até a data en que se cumpran catro anos contados desde o momento do seu nomeamento inicial, conforme os prazos previstos no artigo 3.1.

En calquera caso, a duración completa do seu mandato, incluíndo o tempo transcorrido con anticipación á entrada en vigor desta lei, non poderá exceder o prazo total de oito anos previsto no dito artigo.

Pola súa parte, o actual asistente do membro nacional, no momento da entrada en vigor desta lei, asumirá a condición de membro nacional suplente nos termos e condicións que figuran no artigo 6. A duración do seu mandato estenderase até a data en que se cumplan catro anos contados desde o momento do seu nomeamento inicial como asistente do membro nacional. En calquera caso, a duración completa do seu mandato como membro nacional suplente, incluíndo o tempo exercido como asistente con anticipación á entrada en vigor desta lei, non poderá exceder o prazo total de oito anos previsto no dito artigo.

Os puntos de contacto das diferentes redes internacionais de cooperación, o coordinador nacional e o correspondente de ferramentas da Rede Xudicial Europea, o coordinador nacional da Rede de Equipos Conxuntos de Investigación, o correspondente nacional de Eurojust e o correspondente nacional de terrorismo seguirán a desempeñar as súas funcións mentres non sexan expresamente exonerados.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Lei 16/2006, do 26 de maio, pola que se regula o Estatuto do membro nacional de Eurojust e as relacións con este órgano da Unión Europea, así como cantas outras disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1. 3.^a, 5.^a e 6.^a da Constitución, que reserva ao Estado a competencia en materia de relacións internacionais, administración de xustiza e lexislación procesual, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación regulamentaria.*

O Goberno, por proposta do ministro de Xustiza, aprobará as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase ao dereito español a Decisión marco 2009/948/XAI do Consello, do 30 de novembro de 2009, sobre a prevención e resolución de conflitos de exercicio de xurisdición nos procesos penais, e adáptase o ordenamento xurídico á Decisión 2009/426/XAI, do 16 de decembro de 2008, pola que se reforza Eurojust e se modifica a Decisión 2002/187/XAI, pola que se crea Eurojust para reforzar a loita contra as formas graves de delincuencia, e á Decisión 2008/976/XAI do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre a Rede Xudicial Europea.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto, mando todos os españois, particulares e autoridades, que cumplan e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de xullo de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY